

**INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS  
PROVINCIAIS DE 2006: A SÚA COMPARACIÓN COS  
ORZAMENTOS DE 2005**

## **1. INFORME DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE 2006: A SÚA COMPARACIÓN COS ORZAMENTOS DE 2005.**

### *1.1. INGRESOS*

A Lei 51/2002, de 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, e o Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, supón un cambio significativo nos recursos cos que contan as entidades locais para o seu funcionamento, tanto nos correspondentes ós concellos como ós recursos das entidades locais obxecto desta Memoria, as provincias. Esta lei introduciu importantes modificacións no marco do financiamento local, tanto desde o punto de vista estritamente tributario como polo que afecta ó ámbito financeiro. No caso das deputacións provinciais, no artigo 124 trata dos recargos das provincias, facendo referencia á potestade de establecer un recargo sobre o Imposto de actividades económicas, que consistirá nunha porcentaxe única que recaerá sobre as cotas mínimas e o seu tipo non poderá ser superior ó 40%.

O Imposto de actividades económicas, ó igual que as outras figuras tributarias dos concellos é substancialmente modificado por esta lei, sobre todo no tocante a eximir do pagamento á maior parte dos pequenos e medianos negocios, e as persoas físicas que inicien a súa actividade nos dous primeiros anos da mesma, o que inflúe significativamente no importe do recargo provincial, que se inclúe no capítulo I dos seus ingresos orzamentarios.

Tamén nesta lei se introduce unha profunda reforma no modelo de participación nos tributos do Estado, plasmada no Título III, Capítulo III, baseado principalmente na cesión da recadación líquida do Imposto da renda sobre as persoas físicas, do Imposto sobre o valor engadido imputable a cada provincia e de determinados Impostos especiais: imposto sobre a cervexa e sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre as labores de tabaco , desenvolvido nos artigos 125 a 127, o que leva a existencia no orzamento de ingresos, do capítulo II de impostos indirectos.

No ámbito legislativo que rexe a confección dos orzamentos das administracións públicas é preciso subliñar que a Lei 18/2001, de 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria, que segundo o seu articulado ten por obxecto o establecemento dos principios rectores ós que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público, establece que a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos realizarase de acordo cos principios derivados do Pacto de estabilidade e crecemento: plurianualidade, transparencia e principio de eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos cara á consecución da existencia do equilibrio orzamentario, que será avaliado de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC), e que na súa disposición adicional única, modifica os artigos 54 e 146 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, que se refiren ó outorgamento da autorización de operacións de préstamo e ó contido do orzamento, polo que o apartado 1 do artigo 146 da lei 39/1988, queda nos seguintes termos:

“O Orzamento xeral atenderá ó cumprimento do principio de estabilidade nos termos previstos na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:

Os estados de gastos, nos que incluíranse, coa debida especificación, os créditos necesarios para atende-lo cumprimento das obrigas.

Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos a liquidar no exercicio.

Así mesmo, incluírá as Bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia Entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modifica-lo lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento”.


Nesta Memoria se analizan os orzamentos consolidados, que son os resultantes da agregación do orzamento da propia Deputación mailos orzamentos dos Organismos autónomos dependentes delas, descontando as operacións internas, isto é, as

transferencias entre Deputación e Organismo. Na actualidade a Deputación da Coruña é a única que non require da operación de consolidación, xa que non ten OO.AA.

A suma dos orzamentos de ingresos das catro deputacións provinciais ascende a 548.901.197 euros, un 11,2% maior que en 2005. A distribución porcentual da aportación do orzamento de cada deputación referido ó volume total do orzamento das catro varía significativamente fronte a anos anteriores xa que tradicionalmente o importe dos orzamentos ía en relación coa poboación da provincia, ( A Couña, con 1.127.564 habitantes, Pontevedra con 941.972 habitantes, Lugo, con 356.209 habitantes e Ourense, a menos poboada con 338.505 habitantes), mais en 2006 debido ó forte incremento interanual experimentado polo orzamento inicial da provincia de Lugo, sitúana en segundo lugar, cun importe maior ca de Pontevedra.

Esta proporción de recursos cos que contan as facendas provinciais de Galicia reflíctese no gráfico adxunto.

Gráfico nº 1



A tendencia respecto do orzamento de 2005 non é no mesmo sentido nas catro deputacións xa que aínda que o conxunto das catro medrou, este resultado débese ó incremento do 51 % na de Lugo, compensando a diminución no de Ourense que baixa nun 9,8% respecto do ano anterior, presentando as outras dúas incrementos similares, 3,7 e 3% respectivamente. O descenso en Ourense foi debido a non computarse xa a compensación polo gasto sanitario tralo acordo co Servizo Galego da Saúde, para pechar as débedas pola transferencia do Hospital Santa María Nai.

Cadro nº 1


# TOTAL DEPUTACIONES

## PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	27.828.645,80	5,64	5,91	29.472.814,35	5,37
II. Impuestos Indirectos	24.118.174,20	4,89	5,28	25.391.300,00	4,63
III. Taxas e Outros ingresos	18.793.032,44	3,81	12,42	21.126.547,37	3,85
<i>Ingresos tributarios</i>	70.739.852,44	14,34	7,42	75.990.661,72	13,84
IV. Transferencias Correntes	328.936.169,31	66,66	-2,37	321.130.961,86	58,50
V. Ingresos Patrimoniais	7.626.064,84	1,55	-0,09	7.619.165,00	1,39
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>407.302.086,59</b>	<b>82,54</b>	<b>-0,63</b>	<b>404.740.788,58</b>	<b>73,74</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	782.755,03	0,16	103,77	1.595.055,03	0,29
VII. Transferencias de Capital	56.524.714,42	11,46	-15,47	47.780.585,15	8,70
VIII. Variación Activos Financeiros	2.451.767,32	0,50	5,31	2.581.998,25	0,47
IX. Variación Pasivos Financeiros	26.375.050,00	5,35	249,58	92.202.770,00	16,80
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>86.134.286,77</b>	<b>17,46</b>	<b>67,37</b>	<b>144.160.408,43</b>	<b>26,26</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>493.436.373,36</b>	<b>100,00</b>	<b>11,24</b>	<b>548.901.197,01</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 2



O agregado de **ingresos por operacións correntes** non experimenta incremento interanual (-0,6%) para o conxunto das catro deputacións debido ós descensos do 15% en Ourense e do 6,3% en Pontevedra. O orzamento da Deputación de Lugo figura cun incremento do 14,3%, aínda que moito máis baixo que o experimentado polo seu agregado de operacións financeiras como se verá máis adiante, e un 3,8% os ingresos de natureza corrente no orzamento da Coruña.

O orzamento de 2006 reflicte unha novidade, como consecuencia da modificación da estrutura da Participación nos tributos do Estado, que queda co seguinte contido:

Cesión parcial da recadación territorializada de determinados tributos estatais: IVE, IRPF e Impostos especiais.

Fondo complementario de financiamento

Compensación polas mermas de ingresos provinciais derivados da reforma do Imposto sobre actividades económicas.

Polo que figura a consignación do capítulo II de ingresos, Impostos indirectos, principalmente o Imposto indirecto sobre o valor engadido e os impostos indirectos sobre consumos específicos ( cesión sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre a cervexa, sobre as labores de tabaco, sobre hidrocarburos e cesión sobre produtos intermedios).

A porcentaxe do agregado de ingresos correntes sobre o total do orzamento variou respecto de 2005 xa que aínda que desde logo segue a ter preponderancia, presenta o 73,7% do total fronte ó 82,5% en 2005. Este cambio na estrutura de ingresos entre os de natureza corrente e os de capital (nos que se inclúen os financeiros) foi máis acusado no orzamento de Lugo, xa que neste orzamento inicial coa previsión da concertación dun novo crédito no capítulo IX, a porcentaxe entre ingresos correntes e de capital case se achega ó 50%, sendo do 53,4% os correntes.

A continuación analizaremos os cinco capítulos que conforman este agregado de ingresos segundo a clasificación económica.

O capítulo IV, de **transferencias correntes** é o de maior importe e peso porcentual na estrutura de ingresos, aínda que perde peso relativo debido a que desecende nun 2,4% respecto do consignado en 2005 pasando dunha porcentaxe do 66,7% sobre o

total dos recursos en 2005 ata o 58,5% actual, o que volve a reflectir a dependencia destas facendas das outras administracións, principalmente da do Estado.

O capítulo I, impostos directos, que como xa se dixo recolle tamén a cesión parcial do IRPF xunto ós recargos provinciais do IAE, reduce lixeiramente o seu peso relativo na composición dos ingresos debido a que aínda que reflicte un crecemento desde 2005, do 5,9% éste é menor que o do total do orzamento, figurando neste orzamento inicial 2006 cunha porcentaxe do 5,4%.

O capítulo II, impostos indirectos, experimenta unha evolución desde 2005 similar á do capítulo I presentando un importe e porcentaxe sobre o total algo máis baixos. O capítulo III, de taxas e outros ingresos reflicte maior crecemento que os outros recursos tributarios xa que medra nun 12,4% desde 2005, e presenta un peso relativo na estrutura de ingresos menor, do 3,9%.

Os ingresos tributarios do conxunto das catro deputacións elevanse a 75.990.661 euros e manifestan unha lixeira perda de peso relativo na composición de ingresos xa que medraron nun 7,4% en menor proporción que o total do orzamento polo que diminúe lixeiramente a súa porcentaxe sobre o total de ingresos, que é do 13,8%, aínda que é preciso apuntar que este importante incremento do total dos orzamentos das catro deputacións débese principalmente ó acusado medre do orzamento da Deputación de Lugo e ó seu capítulo IX, que implica unha reordenación dos compoñentes do orzamento en canto ós seus pesos relativos sobre o conxunto.

O **total de ingresos por operacións de capital** (capítulos VI ó IX) que como xa se indicou medran nun 67,4% desde 2005 pasando a representar o 26,3% do total dos recursos cos que contan as facendas locais, presentan un capítulo IX de variación de pasivos financeiros claramente alcista cunha forte subida que pasa dos 26.375.050 euros en 2005 ós 92.202.770 euros de 2006 sendo a diferenza de 65.827.720 euros que é o importe no que crece a apelación ó crédito das corporacións provinciais, chegando a trastocar significativamente a estrutura dos ingresos que neste ano está composta nun 16,8% polos préstamos a longo prazo para financiar os investimentos, o que leva a un maior endebedamento a soportar nos exercicios futuros.

Consecuentemente, as transferencias de capital, aportan menor proporción ó total de ingresos xa que ademáis do maior peso das operacións de préstamo as transferencias redúcense nun 15,5%, polo que a súa aportación na estrutura de ingresos descende do 11,5% en 2005 ó 8,7% en 2006.

### 1.1.1 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

O total de ingresos ascende a 166.849.420 euros, manifestando un incremento interanual moderado do 3,7% respecto de 2005, e un importe en termos per cápita de 148 euros por habitante.

A estrutura dos ingresos é a seguinte: o 86,8% corresponde a ingresos de natureza corrente e o 13,2% a ingresos de capital ( nos que se inclúen os financeiros), similar estrutura á do 2005.

O **total por operacións correntes** presenta un incremento lixeiramente superior ó do total de ingresos e alcanza os 144.760.624 euros. O capítulo de ingresos de maior importe é o IV, de transferencias correntes, con 109.883.265 euros, que representa o 65,9% do total de recursos e o 75,9% respecto ós correntes experimentando un incremento interanual do 4,4% como consecuencia da nova forma de determinación da participación das provincias nos tributos do Estado, segundo o disposto nos artigos 135 a 146 do citado TRLRHL e de acordo coa nota informativa do Ministerio de Facenda de febreiro de 2004 que obriga a contabilizar individualmente as transferencias que se realicen en concepto de cesión de rendimentos recadatorios dos diversos impostos. Este capítulo IV desglósase en tres apartados:

Cesión parcial da recadación territorializada de determinados tributos estatais: IVA, IRPF e Impostos especiais.

Fondo complementario de financiamento: A previsión inicial de 2005 por este concepto foi de 100.212.000 euros e ascende na previsión de 2006 a 103.447.218 o que supoñe un incremento do 3%, moi similar ó incremento de precios previsto para 2006.

Compensación polas mermas de ingresos provinciais derivadas da reforma do Imposto sobre actividades económicas. Este concepto ascende en 2006 a 4.143.075 euros o que supoñe un incremento interanual do 42,3%.

O capítulo I, impostos directos, ascende a 12.685.434 euros e representa o 7,6% do total de ingresos experimentando unha merma do 3,8% respecto de 2005 , debido ó descenso soamente da consignación da cesión do IRPF, xa que o IAE (Cotas nacionais, provinciais e recargo provincial) experimenta incremento.



Cadro nº 2


## DEPUTACIÓN DA CORUÑA

### PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impostos Directos	13.187.600,00	8,19	-3,81	12.685.434,00	7,60
II. Impostos Indirectos	11.293.400,00	7,02	4,58	11.810.240,00	7,08
III. Taxas e Outros ingresos	5.646.343,00	3,51	5,81	5.974.440,00	3,58
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>30.127.343,00</i>	<i>18,72</i>	<i>1,14</i>	<i>30.470.114,00</i>	<i>18,26</i>
IV. Transferencias Correntes	105.226.350,00	65,38	4,43	109.883.265,00	65,86
V. Ingresos Patrimoniais	4.079.860,00	2,53	8,02	4.407.245,00	2,64
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>139.433.553,00</b>	<b>86,64</b>	<b>3,82</b>	<b>144.760.624,00</b>	<b>86,76</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	688.746,00	0,43	117,79	1.500.000,00	0,90
VII. Transferencias de Capital	12.269.184,00	7,62	-14,10	10.538.796,00	6,32
VIII. Variación Activos Financeiros	550.000,00	0,34	0,00	550.000,00	0,33
IX. Variación Pasivos Financeiros	8.000.000,00	4,97	18,75	9.500.000,00	5,69
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>21.507.930,00</b>	<b>13,36</b>	<b>2,70</b>	<b>22.088.796,00</b>	<b>13,24</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>160.941.483,00</b>	<b>100,00</b>	<b>3,67</b>	<b>166.849.420,00</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 3



O capítulo II, impostos indirectos ten un importe de 11.810.240 euros e representa o 7,1% do total de recursos presentando un medre respecto de 2005 do 4,6% porcentual.

O capítulo III, taxas e outros ingresos experimenta un incremento do 5,8% como consecuencia das novas tarifas das ordenanzas fiscais ascendendo a 5.974.440 euros e representa o 3,6% do orzamento, mesma porcentaxe que en 2005.

Do anterior despréndese que o agregado intermedio de *ingresos tributarios* da facenda provincial da Coruña presenta un lixeiro incremento respecto de 2005 cunha diferenza de 342.771 euros e significa que de cada cen euros de ingresos desta corporación provincial 18,3 euros corresponden a ingresos tributarios, sendo a deputación galega que presenta no seu orzamento unha maior proporción dos ingresos tributarios, aínda que estes ingresos perden medio punto porcentual na estrutura do orzamento de ingresos. Ó relacionalos coa poboación, neste caso coa poboación a 1 de xaneiro de 2006, resulta que estes ingresos son de 27 euros por habitante, neste caso moito menor que o resultado nestes termos do orzamento da Deputación de Lugo.

Os ingresos patrimoniais experimentan un incremento do 8% respecto de 2005 no que se consignan os xuros das contas correntes da deputación, nos que se inclúen a colocación dos excedentes de tesourería, como consecuencia do previsible aumento dos tipos de xuros e da evolución dos fondos líquidos, segundo estimacións da tesourería provincial, cun importe de 4.407.245 euros e o 2,6% do total de ingresos.

O **total por operacións de capital**, capítulos do VI ó IX, representa o 13,2% do orzamento de ingresos e acada un importe de 22.088.796 euros, experimentando un incremento interanual menor ca do total de ingresos, co 2,7% porcentual.

O capítulo VII de transferencias de capital é o de maior contía neste agregado de ingresos e elévase a 10.538.796 euros cun importante descenso respecto de 2005 de 1.730.388 euros o que porcentualmente é o 14,1%. O peso relativo deste capítulo na estrutura de ingresos neste orzamento reflicte unha perda relativa na súa porcentaxe de punto e medio respecto de 2005 quedando soamente o 6,3%, moi por debaixo dos pesos da participación nos tributos do Estado e dos capítulos de ingresos tributarios.

Das transferencias que se consignan na previsión inicial as de maior importe son as procedentes do Estado, entre as que se atopan as seguintes: subvencións ó Plan de Obras e servizos, á Rede Viaria local, ó Programa Operativo Local, Convenio dinamización Costa da Morte e outras, experimentando unha merma de 190.484 euros na relativa ó Convenio de dinamización da Costa da Morte, sen variar as outras.

As transferencias de capital da Comunidade Autónoma de Galicia ascenden a 467.500 euros na subvención polo acordo xa apuntado suscrito de dinamización da Costa da Morte.

As transferencias de capital do exterior, da Comunidade europea plásmanse na subvención do FEDER ó Programa operativo local e experimentan un descenso de 909.653 euros respecto de 2005, xa que pasan dos 5.473.679 euros ós 4.564.026 euros en 2006.

Considérase oportuno indicar que tanto na Memoria da Presidencia como no Informe da Interevención xeral que acompañan á documentación do Orzamento da Deputación da Coruña sinalase o feito de que non está contemplada a participación das deputacións provinciais no Fondo Galego de Cooperación Local, no que textualmente “supoñe non tomar en consideración o mandato imperativo contido no inciso final do artigo 142 da Constitución española: *”As facendas locais deberán dispoñer dos medios suficientes para o desenvolvemento das funcións que a Lei atribúe ás Corporacións respectivas e nutriránse fundamentalmente de tributos propios e da participación nos tributos do Estado e das Comunidades autónomas”*

O capítulo IX, variación de pasivos financeiros presenta unha consignación de 9.500.000 euros, que representa o 5,7% do total dos recursos desta facenda provincial, cunha porcentaxe sobre o total dos recursos á alza, xa que medra máis de medio punto, cun crecemento de 1.500.000 euros respecto a 2005, que porcentualmente é o 18,8%, amplamente superior ó crecemento medio dos demais capítulos ou ó crecemento do total do orzamento.

Coa citada apelación ó crédito preténdense financiar os investimentos previstos no CEL. Plan de Obras e Servizos (POS), cun investimento total de 22.100.000 euros dos que 9.272.316 euros son de Fondos propios da deputación, 3.327.684 euros proceden da aportación do Estado e o resto, 9.500.000 euros cubriranse coa apelación ó préstamo.

Segundo o Informe da Intervención xeral da deputación da Coruña a débeda viva da Corporación a 31 de decembro de 2006 diminuíra respecto á prevista ó peche de 2005; noutro apartado reflicten o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria concretado a través do déficit “cero” para os orzamentos das corporacións locais durante o período 2006-2008, segundo a Lei 18/2001 o que se resume no seguinte:

*Gastos non financeiros* = 155.469.314 euros (Empleos: Gastos correntes: 90.653.902 euros e Gastos de capital: 64.815.412 euros)

*Ingresos non financeiros* = 156.799.420 euros (Recursos: Ingresos correntes: 144.760.624 euros e Ingresos de capital: 12.038.796 euros)

Diferencia = Ingresos – Gastos non financeiros = 1.330.106 euros,

O que significa que os gastos non financeiros por importe de 1.330.106 euros aténdese integramente con ingresos da mesma natureza non financeira, e en consecuencia non é necesario apelar ó crédito para realizar tales gastos.

Os outros dous capítulos son de escasa significación, aínda que o capítulo VI, de alleamento de investimentos reais alcanza o importe de 1.500.000 euros na partida de venda de parcelas do Polígono de Sabón, o que representa o 0,9% do total dos recursos, experimentando un fortísimo incremento xa que en 2005 consignaban 688.746 euros o que implica que máis que se duplica, cun incremento porcentual do 117,8%.

### 1.1.2 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

O orzamento que aquí se expoñe é o resultado da consolidación entre o da propia corporación provincial de Lugo e os orzamentos do Instituto lucense de desenvolvemento económico e social (INLUDES) e da Sociedade Urbanística provincial, é decir o resultado de restar as transferencias internas (que figuran no orzamento de gastos da deputación e nos ingresos dos citados entes provinciais) á suma aritmética dos tres orzamentos.

Así o total de ingresos do orzamento consolidado ascende a 159.022.905 euros o que revela o fortísimo incremento das arcas provinciais, xa que pasou dos 105,3 millóns de euros en 2005 a esta cifra o que representa un incremento interanual porcentual do 51%, superando en termos absolutos o orzamento da Deputación de Pontevedra e situándose moi preto do da Coruña, sendo a terceira provincia en prelación da súa poboación.

A estrutura do seu orzamento presenta unha proporción entre os agregados de ingresos peculiar xa que o peso dos ingresos de natureza corrente e os de capital, nos que se inclúen os financeiros é moi similar, sendo do 53,4% os correntes e 46,6% o resto, destacando ademais que o capítulo IX, de variación de pasivos financeiros de ingresos no que se consignan os 62.522.770 euros da estimada apelación ó crédito é o segundo capítulo en relación ó peso porcentual, cunha escasa diferenza entre este e o de transferencias correntes. Este alto volume do capítulo IX de ingresos ten a súa contrapartida no capítulo VI de gastos, investimentos reais, que alcanza os 86.935.570 euros, que supoñe o 54,7% do total de gastos, destacando que este importe é moi superior (máis que o dobre) que o homólogo das deputacións da Coruña e Pontevedra e que supera incluso o volume total do orzamento da Deputación de Ourense., o que é unha clara mostra do importantísimo esforzo investidor que a Deputación de Lugo está a acometer nos últimos anos, superándose en 2006.

Este elevado importe do capítulo IX implica que todos os capítulos perden peso relativo na composición dos ingresos ó comparalos co ano 2005 coa contrapartida da importante alza da variación de pasivos financeiros, que chega a contribuir nun 39,35% ó total dos recursos da facenda provincial, o que “descoloca” a composición de ingresos clásica na que os financeiros non presentan tanta relevancia.


Cadro nº 3

## DEPUTACIÓN DE LUGO PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	4.556.045,80	4,33	21,70	5.544.560,35	3,49
II. Impuestos Indirectos	3.516.054,20	3,34	7,40	3.776.300,00	2,37
III. Taxas e Outros ingresos	6.790.930,44	6,45	19,49	8.114.156,37	5,10
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>14.863.030,44</i>	<i>14,11</i>	<i>17,30</i>	<i>17.435.016,72</i>	<i>10,96</i>
IV. Transferencias Correntes	58.169.758,18	55,23	14,23	66.447.988,37	41,79
V. Ingresos Patrimoniais	1.282.549,84	1,22	-16,10	1.076.040,00	0,68
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>74.315.338,46</b>	<b>70,56</b>	<b>14,32</b>	<b>84.959.045,09</b>	<b>53,43</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	91.000,00	0,09	0,00	91.000,00	0,06
VII. Transferencias de Capital	12.162.406,79	11,55	-8,97	11.071.180,91	6,96
VIII. Variación Activos Financeiros	372.656,32	0,35	1,68	378.909,25	0,24
IX. Variación Pasivos Financeiros	18.375.000,00	17,45	240,26	62.522.770,00	39,32
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>31.001.063,11</b>	<b>29,44</b>	<b>138,91</b>	<b>74.063.860,16</b>	<b>46,57</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>105.316.401,57</b>	<b>100,00</b>	<b>51,00</b>	<b>159.022.905,25</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº4



O agregado de **ingresos de natureza corrente** presenta un importe de 84.959.045 euros experimentando un incremento interanual do 14,3%. O capítulo IV, de transferencias correntes, no que se consigna a participación nos tributos do Estado. Segundo a nova normativa e as transferencias adicadas a gastos correntes procedentes doutras administracións ou familias e institucións sen fin de lucro figura cunha consignación inical de 66.447.988 euros o que representa o 41,8% do total dos seus recursos, experimentando un incremento interanual similar ó do agregado no que se atopa.

O capítulo III, de taxas e outros ingresos é o segundo na estrutura deste agregado de ingresos, superando os importes dos capítulos de impostos e representa o 5,1% do total de recursos, cunha importante alza porcentual desde 2005 do 19,5%. As deputacións nas que o orzamento resulta da consolidación de Organismos autónomos este capítulo habitualmente ten un maior peso que naquela que non ten organismos autónomos na súa esfera, así neste caso o orzamento do INLUDES presenta un capítulo III composto ente outros polas vendas de productos de obradoiros e de productos da granxa provincial, organismo no que veñen desenvolvendo programas financiados con axudas comunitarias, escolas obradoiro, centro de artesanía e deseño, promoción turística e a granxa provincial.

O capítulo I, impostos directos representa o 3,5% do total dos seus recursos cun importe de 5.544.560 euros e manifesta un crecemento respecto de 2005 do 21,7%, lembrando aquí que está composto pola cesión parcial do IRPF e polo recargo do IAE.

O capítulo II, de impostos indirectos, consolídase no orzamento cun incremento do 7,4% respecto de 2005, representando o 2,3% do total de recursos.

O conxunto destes primeiros tres capítulos, os *ingresos tributarios*, ascenden a 17.435.016 euros, e aínda que medran nun 17,3% respecto de 2005, perden peso porcentual na estrutura de ingresos, como xa se dixo, xa que en 2006 representan o 11% do total do orzamento de ingresos e en 2005 tiñan un peso porcentual do 17,3%, debido a que os pesos relativos de todos os capítulos diminuíron significativamente polo fortísimo incremento do capítulo IX, que fixo recolocarse á baixa as demais partidas do orzamento.

Os ingresos patrimoniais diminúen nun 16,1% respecto de 2005, sendo unha partida pouco significativa na estrutura de ingresos, estando integrada principalmente polos xuros das contas ou depósitos.

Os **ingresos por operacións de capital**, capítulos do VI ó IX, xa se sinalou que debido á forte presenza do capítulo IX, presentan unha alta porcentaxe respecto do total de recursos co 46,6%, cun incremento porcentual de 138,9%, sendo a cifra de 74.063.860 euros ; destes a maioría corresponden ó referido capítulo IX, de variación de pasivos financeiros cun importe de 62.522.770 euros dos que 50.000.000 euros corresponden á estimación da apelación ó crédito da entidade provincial e o resto é unha concertación dun préstamo da Sociedade Urbanística provincial, xa aprobada polo Pleno da Corporación provincial ó presentar o orzamento de 2006. Con este préstamo este capítulo chega a ter unha porcentaxe do 39,3% do conxunto consolidado dos ingresos, manifestando un cremento do 240,3% desde 2005.

Esta operación de préstamo ven a cofinanciar o Plan de rede viaria da provincia e proxectos singulares, no concepto 601.00 do orzamento de gastos , que levan, xunto cos outros planes de investimentos (POL, POS e FCL, principalmente) a presentar un conxunto de investimentos directos moi elevado.

O capítulo VII, transferencias de capital diminúe respecto de 2005 nun 9% porcentual, presentando un peso do 7% na estrutura do total de ingresos.

Os outros dous capítulos, o VI, de alleamento de investimentos reais e o VIII, de variación de activos financeiros non presentan cambios significativos respecto a 2005, cunhas contías e porcentaxes baixos na estrutura de ingresos.



### 1.1.3 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

O orzamento da Deputación de Ourense que aquí se presenta é a consolidación do da propia corporación maillo Instituto ourensán de desenvolvemento económico (INORDE) e o do Padroado de Turismo. É o máis baixo das catro deputacións cunha cifra de total de ingresos de 77.234.676 euros, sendo o único que diminúe desde 2005, debido ó feito de non computarse xa a compensación por gasto sanitario, é dicir, as partidas vinculadas á carga asumida neta polo traspaso do Hospital Santa María Nai á esfera da administración autonómica galega, polo acordo suscrito co SERGAS. Ademais é a única deputación na que non figura o capítulo II de impostos indirectos como resultado da nova normativa e da diferente participación dos entes locais nos tributos do Estado.

A súa estrutura de ingresos é a seguinte: o 79,9% corresponde a ingresos correntes, aínda que estes manifestaron no seu conxunto unha diminución porcentual do 15%, e os ingresos de capital presentan un peso do 20,1%, cun incremento do 19,4%.

O agregado de **ingresos por operacións correntes** ten un importe de 61.688.940 euros manifestando ese descenso xa comentado, do 15% respecto do importe do orzamento inicial de 2005, que conleva a unha perda significativa, de cinco puntos porcentuais deste agregado na composición dos ingresos.

O capítulo IV, transferencias correntes achégase ós 58.702.080 euros co 76% de porcentaxe sobre o total de ingresos, sendo o capítulo que máis acusa a redución orzamentaria xa antes comentada, que experimenta unha perda de seis puntos porcentuais na porcentaxe sobre o total de ingresos desde 2005.

O seu capítulo I, de impostos directos figura cun importe de 1.500.000 euros en concepto de recargos sobre o Imposto de actividades económicas sen figurar aínda, como no tocante ó capítulo II, a cesión parcial do IRPF ( o que leva a dubidar se realmente non se produce ese ingreso nesa deputación), aínda que experimenta un forte incremento desde 2005, con 600.000 euros máis o que representa o 66,7% de incremento porcentual, implicando neste caso unha alza da porcentaxe que representa na estrutura de ingresos, do 1,1% en 2005 ó 1,9% actual.

O capítulo III, taxas e outros ingresos, soamente representa o 1,4% do total dos recursos, cun incremento interanual do 3,1%.

Cadro nº 4


## DEPUTACIÓN DE OURENSE

### PRESUPOSTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	900.000,00	1,05	66,67	1.500.000,00	1,94
II. Impuestos Indirectos	0,00			0,00	
III. Tasas e Outros ingresos	1.030.930,00	1,20	3,10	1.062.930,00	1,38
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>1.930.930,00</i>	<i>2,25</i>	<i>32,73</i>	<i>2.562.930,00</i>	<i>3,32</i>
IV. Transferencias Correntes	70.309.905,13	82,11	-16,51	58.702.080,49	76,00
V. Ingresos Patrimoniais	370.930,00	0,43	14,29	423.930,00	0,55
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>72.611.765,13</b>	<b>84,79</b>	<b>-15,04</b>	<b>61.688.940,49</b>	<b>79,87</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.803,03	0,00	0,00	1.803,03	0,00
VII. Transferencias de Capital	12.869.494,63	15,03	-7,58	11.893.933,24	15,40
VIII. Variación Activos Financeiros	150.000,00	0,18	0,00	150.000,00	0,19
IX. Variación Pasivos Financeiros	0,00			3.500.000,00	4,53
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>13.021.297,66</b>	<b>15,21</b>	<b>19,39</b>	<b>15.545.736,27</b>	<b>20,13</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>85.633.062,79</b>	<b>100,00</b>	<b>-9,81</b>	<b>77.234.676,76</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº5



O capítulo V, ingresos patrimoniais soamente representa o 0,6% do orzamento pese a incrementarse nun 14,3% desde 2005.

O agregado de **ingresos por operacións de capital** presenta un importe de 15.545.736 euros cun peso porcentual na estrutura de ingresos do 20,1%, experimentando unha alza desde o ano anterior de 19,4%.

As transferencias de capital é o capítulo de maior significación neste agregado aínda que reflicte un descenso interanual do 7,6% e representa o 15,4% do total dos recursos no que se inclúen as aportacións do Estado, dos concellos e da Unión europea para os plans provinciais de obras e servizos, así como outras financiaciónés externas.

O capítulo IX, variación de pasivos financeiros, figura neste exercicio coa previsión da concertación dun préstamo por 3.500.000 euros para financiar en parte os plans provinciais (1.600.000 euros) e para incrementar o financiamento provincial de obras de infraestrutura deportiva (1.900.000 euros) o que representa o 4,5% do total de ingresos.

Os outros dous capítulos VI e VIII non presentan ningunha variación desde 2005 sendo os seus pesos porcentuais moi baixos, menores ó 0,5%.

Como resume pódese dicir que a estrutura de ingresos do orzamento da Deputación de Ourense apóiase de xeito predominante sobre as *transferencias* do Estado, sobre todo nas correntes , nas que se consignan como partida máis relevante dos orzamentos provinciais a participación nos tributos do Estado, aínda que polos Informes que acompañan ó orzamento desta deputación non parece que estean aplicando o novo modelo de financiación coa nova participación nos tributos do Estado, así os capítulos IV e VII deste orzamento representan o 91,4% do total do orzamento, é dicir se o total ascende a 77.234.676 euros, destes 70.596.013 euros proceden de transferencias, que pon de manifesto o elevado grao de dependencia desta facenda, ó que se engade o feito de que do resto dos recursos (8,6%) na súa composición de ingresos, a operación de préstamo absorbe o 4,5%, o que implica que o concepto de autonomía financeira é inexistente neste orzamento.

#### 1.1.4 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O orzamento da Deputación de Pontevedra que figura neste Informe é o resultante da consolidación cos seguintes Organismos autónomos: Museo provincial, Escola Universitaria de Enfermería, Centro de formación profesional “Fogar provincial”, Escola de Canteiros, Padroado de Turismo “Rías Baixas”, Caixa de anticipos de cooperación, Xestión de recursos das entidades locais (ORAL), e o Instituto para a promoción e equipamento do solo industrial da provincia de Pontevedra (IPESPO) cunha cifra conxunta logo de restar as transferencias internas de 145.794.195 euros o que reflicte un incremento interanual similar ó do IPC cun 3%.

A súa estrutura de ingresos é a seguinte: o 77,7% son ingresos de natureza corrente e o 22,3% restantes son de capital, o que reflicte unha desviación respecto de 2005 de ingresos correntes a ingresos de capital neste caso , debido sobre todo a que logo de varios exercicios sen concertar novas operacións de préstamo, en 2006 figura a estimación dunha nova operación de crédito.

Así o agregado de **ingresos por operacións correntes** chega a 113.332.179 euros e experimenta unha diminución porcentual do 6,3% ó comparalo co de 2005.

O capítulo IV, de transferencias correntes reflicte un descenso do 9,6% respecto de 2005 como consecuencia da finalización de diversos proxectos de gasto cofinanciados con fondos europeos e por un menor ingreso sobre o previsto no exercicio de 2005 polo concepto de Fondo complementario de Financiamento, o que produce que o peso porcentual deste capítulo, o de maior porcentaxe nos orzamentos locais, pase do 67,3% en 2005 ó 59,1% en 2006.

O capítulo I, impostos directos, no que se consignan os recargos provinciais do IAE maila cesión parcial do IRPF incrementábase nun 6,1% respecto a 2005 figurando 9.742.820 euros que lle representan o 6,7 % do seu orzamento.

No capítulo II, impostos indirectos, cun importe moi cercano ó anterior e mesmo un peso porcentual semellante, tamén reflicte un crecemento moderado de 5,3% ó comparalo co de 2005.


Cadro nº 5

## DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PRESUPUESTO DE INGRESOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Impuestos Directos	9.185.000,00	6,49	6,07	9.742.820,00	6,68
II. Impuestos Indirectos	9.308.720,00	6,58	5,33	9.804.760,00	6,73
III. Taxas e Outros ingresos	5.324.829,00	3,76	12,21	5.975.021,00	4,10
<i>Ingresos tributarios</i>	<i>23.818.549,00</i>	<i>16,83</i>	<i>7,15</i>	<i>25.522.601,00</i>	<i>17,51</i>
IV. Transferencias Correntes	95.230.156,00	67,28	-9,59	86.097.628,00	59,05
V. Ingresos Patrimoniais	1.892.725,00	1,34	-9,55	1.711.950,00	1,17
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>120.941.430,00</b>	<b>85,44</b>	<b>-6,29</b>	<b>113.332.179,00</b>	<b>77,73</b>
VI. Alleamento Investimentos Reais	1.206,00	0,00	86,73	2.252,00	0,00
VII. Transferencias de Capital	19.223.629,00	13,58	-25,73	14.276.675,00	9,79
VIII. Variación Activos Financeiros	1.379.111,00	0,97	8,99	1.503.089,00	1,03
IX. Variación Pasivos Financeiros	50,00	0,00	33359900,00	16.680.000,00	11,44
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>20.603.996,00</b>	<b>14,56</b>	<b>57,55</b>	<b>32.462.016,00</b>	<b>22,27</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>141.545.426,00</b>	<b>100,00</b>	<b>3,00</b>	<b>145.794.195,00</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº6



O capítulo III, de taxas e outros ingresos é o que experimenta o maior incremento interanual, do 12,2% dos do agregado de ingresos correntes cunha alza no seu peso porcentual na estrutura de ingresos do 4,1%, capítulo no que o Organismo de xestión de recursos locais é o que presenta o maior importe, superior ó da propia deputación, con 3.562.000 euros.

Así os *ingresos tributarios* presentan un importe de 25.522.601 euros cunha porcentaxe na estrutura de ingresos do 17,5% resultante dunha alza porcentual do 7,2% desde 2005 o que reflicte a suba de case un punto na estrutura de pesos porcentuais.

Os ingresos patrimoniais experimentan un descenso do 9,6% respecto a 2005 cunha porcentaxe sobre o total de ingresos do 1,2%.

O agregado de ***ingresos por operacións de capital***, capítulos do VI ó IX, presenta un importe de 32.462.016 euros experimentando un forte incremento do 57,6%, debido sobre todo ó incremento do capítulo IX., de *variación de pasivos financeiros* no que se imputan 16.800.000 euros o que representa o 11,4% do orzamento, sen ter en 2005 consignación de operación de préstamo.

O capítulo VII, de transferencias de capital, experimenta unha perda de peso na estrutura de ingresos pasando do 13,6% en 2005 ó 9,8% en 2006, debido tanto á recolocación ocasionada pola existencia do capítulo IX, como á diminución porcentual do 25,7% respecto de 2005, baixada ocasionada pola finalización de proxectos financiados con fondos europeos, ó remate das achegas para as obras do Museo e uns menores ingresos para financiar o Programa Operativo Local POL.

O capítulo VIII, de *variación de activos financeiros* increméntase nun 9% respecto de 2005 adquirindo un 1% de peso porcentual, polo Organismo autónomo Caixa de anticipos.

O capítulo VI, de *alleamento de investimentos reais* pese a manifestar un forte incremento interanual segue a ter un importe e un peso porcentual moi baixo.

A análise das principais magnitudes de ingresos tendo en conta a poboación, neste caso a 1 de xaneiro de 2006, reflicte o seguinte: en termos absolutos xa se viu que en 2006 o orzamento da Deputación de Lugo experimentou un incremento moi forte que fixo elevarse a súa cifra orzamentaria ata case o importe da Deputación da Coruña e superando incluso o importe do total do orzamento da Deputación de Ourense, pois ben, se habitualmente aínda que en termos absolutos a cifra do seu orzamento non era tan elevada, os resultados das variables de ingresos na deputación lucense estaban por encima, xunto coa de Ourense, das outras deputacións debido á menor poboación, en 2006 a superioridade destes datos en termos per cápita é aínda máis acusada.

Os ingresos totais para a media de Galicia ocasionados polos orzamentos provinciais son de 198,6 euros por habitante, superando este resultado amplamente o orzamento en Lugo con máis que o dobre deste importe e tamén o dato de Ourense, quedando os resultados en termos de euros por habitante das outras dúas deputacións por debaixo, con cifras similares entre sí.

O resultado en ingresos tributarios divididos pola poboación reflicte que na provincia de Lugo acadan a cifra de 48,9 euros por habitante, moi superior ós resultados das demais provincias, xa que tanto a media de Galicia como nas provincias de Pontevedra e A Coruña presentan uns resultados en torno a 27 euros por habitante, reflectindo o resultado no orzamento da Deputación de Ourense moito menor, de soamente 7,6 euros por habitante debido ó feito xa comentado de non aplicar no orzamento inicial a nova normativa que afecta sobre todo a este tipo de ingresos e á participación nos ingresos do Estado.

En transferencias correntes os importes resultantes dos orzamentos de Lugo e Ourense son semellantes superando amplamente o resultado para a media de Galicia de 116,2 euros por habitante, quedando as outras dúas provincias por debaixo.

Así os ingresos por operacións correntes seguen a dinámica dos agregados intermedios, a de maior importe é a de Lugo con 238,5 euros por habitante seguida pola cifra de Ourense con 182,2 e presentando a longa distancia os resultados de A Coruña, 128,4 e de Pontevedra con 120,3 euros por habitante, situándose a media de Galicia nos 146,4 euros por habitante.

Cadro nº 6


## VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS

### INGRESOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	148,0	446,4	228,2	154,8	198,6
Ingresos Tributarios (ITR)	27,0	48,9	7,6	27,1	27,5
% ITR / IT	18,3	11,0	3,3	17,5	13,8
Transferencias Correntes (TC)	97,5	186,5	173,4	91,4	116,2
% TC / IT	65,9	41,8	76,0	59,1	58,5
Operacións Correntes (OC)	128,4	238,5	182,2	120,3	146,4
% OC / IT	86,8	53,4	79,9	77,7	73,7
Transferencias Capital (TDC)	9,3	31,1	35,1	15,2	17,3
% TDC / IT	6,3	7,0	15,4	9,8	8,7
Ingresos Financeiros (IF)	8,9	176,6	10,8	19,3	34,3
% IF / IT	6,0	39,6	4,7	12,5	17,3

Gráfico nº 7





O resultado das transferencias de capital reflicte que o orzamento de maior importe é o de Ourense única variable na que o de Lugo non é superior, cunha disparidade entre os resultados que fluctúan entre os 9,3 euros por habitante na Coruña e os 35,1 euros por habitante en Ourense , sendo o valor da media de Galicia de 17,3 euros por habitante.

Os ingresos financeiros, suma dos capítulos VIII e IX, resultan de 34,3 euros por habitante para a media de Galicia, variable na que o orzamento da Deputación de Lugo debido ó importante recurso ó financiamento mediante operación de préstamo dos seus investimentos conleva a presentar unha cifra moi alta, case igual á de transferencias correntes con 176,6 euros por habitante, seguida a moi longa distancia, pola cifra resultante do orzamento en Pontevedra, con 19,3 euros por habitante. Presentando as outras dúas cifras máis baixas.

## 1.2. GASTOS

O orzamento de gastos para o conxunto das catro deputacións que presenta unha cifra igual á de ingresos por presentarse os orzamentos con equilibrio inicial, presenta a seguinte estrutura : os de natureza corrente e os de capital están case nivelados xa que presentan unhas porcentaxes do 51,7% para os correntes e do 48,3% para os de capital. O capítulo VI, de investimentos reais é o de maior importe e peso porcentual no destino dos fondos do orzamento cunha porcentaxe do 31% sobre o total de gastos e un importe de 169.897.786 euros que xunto ós 72.875.817 euros do capítulo VII de transferencias de capital, indican que os investimentos tanto os directos como os levados a cabo nas entidades locais polas transferencias, representan case a metade do gasto total destas corporacións, co 44,2 % do total de gastos, evidenciando que o esforzo inversor destas administracións públicas é importante , debéndose ter en conta nos estudos e análises en torno ó papel das deputacións como administracións públicas e respecto da súa pervivencia, en aras a unha mellora na prestacións de servizos ós galegos tendo en conta o papel que desenvolven de coordinación das administracións locais, sobre todo dos concellos.

O gasto estimado para o **total por operacións correntes** ascende a 283.517.901 euros manifestando un moderado incremento interanual, superior en todo caso ó IPC, xa que é do 7,1%, aínda que por medrar por debaixo dos gastos de capital se reflicte unha perda de dous puntos de peso porcentual, que pasa do 53,7% en 2005 ó 51,7% en 2006.

O gasto de maior contía e significación deste agregado de gastos correntes é o adicado ó pagamento de soldos e salarios do persoal, capítulo I, que crece por encima do IPC, cun incremento porcentual do 5,4% sendo de 118.683.044 euros cunha perda porcentual dun punto na estrutura de gastos desde 2005, quedando no 21,6%.

O capítulo II, de compra de bens correntes e servizos mantén a súa porcentaxe sobre o total do orzamento co 17,5% aínda que medra nun 11,8% respecto a 2005.

O capítulo que maior incremento presenta de todos os de gastos é o relativo ós xuros e comisións polas operacións de endebedamento, capítulo III, que medra nun 25,7%, aínda que o seu peso relativo na estrutura de gastos case non varía, xa que pasa do 1,5% ó 1,7%.


Cadro nº 7

## TOTAL DEPUTACIÓNS PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	112.589.888,99	22,82	5,41	118.683.044,40	21,62
II. Compra de Bens Corr. E Servicos	85.910.085,66	17,41	11,79	96.036.379,70	17,50
III. Intereses	7.377.948,90	1,50	25,70	9.274.367,53	1,69
IV. Transferencias Correntes	58.894.279,34	11,94	1,07	59.524.109,44	10,84
<b>Total Operaci3ns Correntes</b>	<b>264.772.202,89</b>	<b>53,66</b>	<b>7,08</b>	<b>283.517.901,07</b>	<b>51,65</b>
VI. Investimentos Reais	138.546.745,08	28,08	22,63	169.897.786,59	30,95
VII. Transferencias de Capital	69.574.327,85	14,10	4,75	72.875.817,03	13,28
VIII. Variaci3n Activos Financeiros	5.713.931,32	1,16	-16,80	4.754.270,25	0,87
IX. Variaci3n Pasivos Financeiros	14.829.166,22	3,01	20,41	17.855.422,07	3,25
<b>Total Operaci3ns de Capital</b>	<b>228.664.170,47</b>	<b>46,34</b>	<b>16,06</b>	<b>265.383.295,94</b>	<b>48,35</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>493.436.373,36</b>	<b>100,00</b>	<b>11,24</b>	<b>548.901.197,01</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 8



O capítulo das subvencións correntes que otorgan as deputacións provinciais para o financiamento do gasto corrente tanto dos Organismos autónomos vinculados a elas como das entidades locais, ou familias, empresas ou institucións sen fins de lucro presenta unha porcentaxe relativa do 10,8% sobre o total de gastos sen manifestar case variación desde 2005.

O agregado de **gastos de capital**, os investimentos mailos gastos financeiros, é de 265.383.295 euros que como xa se dixo experimentaron un incremento porcentual interanual do 16,1% superior ó do agregado de gastos correntes.

O capítulo que máis medra e como xa se viu o de maior relevancia na estrutura de gastos, é o de investimentos reais, o capítulo VI, que medra por encima do agregado no que se atopa, concretamente nun 22,6%. As transferencias de capital tamén presentan un peso porcentual importante na estrutura de gastos co 13,3% aínda que perden medio punto porcentual de peso relativo ó comparalo co 2005 xa que experimentan un alza de 4,8% moi por debaixo da alza de outros capítulos.

Así os *investimentos*, capítulos VI e VII, ganan posición na estrutura de gastos ou no destino dos recursos, con dous puntos porcentuais máis, do 42,2% ó 44,2% o que redunda no xa comentado afán investidor destas corporacións.

O capítulo no que se imputan as anualidades de amortizacións da débeda pendente concertada por estas administracións para o financiamento dos investimentos, nas contías non cubertas polo aforro propio e polas transferencias recibidas, o capítulo IX, medra nun 20,4% aínda que non varía apreciablemente o seu peso porcentual que se sitúa no 3,3% neste orzamento inicial e se achega ós 17.855.422 euros , tendo en conta que previsiblemente nos exercicios futuros medrará máis debido ós períodos de carencia dos novos préstamos, como no caso da Deputación de Pontevedra.

O capítulo VIII, de variación de activos financeiros redúcese nun 16,8% o único capítulo que experimenta un descenso interanual, aínda que o seu peso relativo na estrutura de gastos non era nen é relevante pasando do 1,1% ó 0,9% actual.

### 1.2.1 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA

A estrutura de gastos no orzamento da Deputación da Coruña está composto por gastos correntes nun 54,3% e o resto, o 45,7% por gastos de investimentos mailos financeiros o que reflicte unha lixeira desviación na composición dos destinos dos fondos desta facenda provincial ata os correntes, xa que éstos ganan un punto porcentual na estrutura do orzamento., aínda que o capítulo no que se consignan as subvencións de capital, o VII é o de maior peso relativo , co 22,8% que absorbe a perda porcentual dos investimentos reais, sendo a Deputación que presenta a maior presenza e porcentaxe deste capítulo das catro, o que manifesta a opción deste Goberno local polos investimentos indirectos, levados a cabo na súa maioría directamente polos propios concellos.

O total de investimentos, os referidos ó capítulo VI mailo VII, representan o 38,9% do total do seu orzamento de gastos, experimentando unha perda porcentual de medio punto na súa composición.

O **total por operacións correntes** ascende a 90.653.902 euros cun medre do 5,9% interanual, manifestando todos os capítulos que o compoñen unha tendencia de aumento desde 2005.

Ó contrario que en orzamentos de anualidades anteriores o capítulo I, de gastos de persoal supera ó de investimentos reais ou directos, cun importe de 32.490.888 euros, sendo o de maior relevancia no agregado de gastos correntes, cun peso porcentual na distribución de gastos do 19,5% manifestando un crecemento do 5,3% superior á alza das retribucións íntegras do persoal funcionario, laboral e eventual ó servizo desa Deputación provincial que experimentan un incremento do 2%. Xa que se inclúen ademais outras partidas como unha consignación de 395.000 euros para atender ós gastos pola reorganización administrativa que se está a facer, o novo xeito de determinación dos pagamentos extraordinarios prevista con carácter xeral na normativa básica estatal, e unha consignación de 5.000 euros como fondo social adicional para prestacións sociais de asistencia social entre outras.

Cadro nº 8


## DEPUTACIÓN DA CORUÑA

### PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	30.869.009,00	19,18	5,25	32.490.888,00	19,47
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	30.669.386,00	19,06	1,48	31.121.903,00	18,65
III. Intereses	2.477.210,00	1,54	24,41	3.081.933,00	1,85
IV. Transferencias Correntes	21.622.096,00	13,43	10,81	23.959.178,00	14,36
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>85.637.701,00</b>	<b>53,21</b>	<b>5,86</b>	<b>90.653.902,00</b>	<b>54,33</b>
VI. Investimentos Reais	33.163.457,00	20,61	-19,22	26.788.622,00	16,06
VII. Transferencias de Capital	30.261.450,00	18,80	25,66	38.026.790,00	22,79
VIII. Variación Activos Financeiros	2.844.030,00	1,77	-28,88	2.022.606,00	1,21
IX. Variación Pasivos Financeiros	9.034.845,00	5,61	3,57	9.357.500,00	5,61
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>75.303.782,00</b>	<b>46,79</b>	<b>1,18</b>	<b>76.195.518,00</b>	<b>45,67</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>160.941.483,00</b>	<b>100,00</b>	<b>3,67</b>	<b>166.849.420,00</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 9



O capítulo II, de compra de bens correntes e servizos representa o 18,7% do total dos destinos sendo o importe de 31.121.903, tamén superior ó do capítulo VI, manifestando unha contención neste tipo de gastos xa que se relicte un incremento interanual por debaixo do IPC, do 1,5%, o que conleva a unha lixeira perda de peso relativo na composición dos gastos xa que en 2005 era do 19,1%.

Así os gastos “fixos” ou de *funcionamento* da propia burocracia provincial, a suma destes dous capítulos de gastos de persoal e de compra de bens correntes e servizos, representan o 38,1% do total do gasto orzamentario.

O capítulo de transferencias correntes reflicte un incremento moderado do 10,8% e unha alza do seu peso porcentual de case un punto tendo un peso relativo no orzamento de 2006 do 14,4%. As transferencias ás entidades locais, ós concellos e ás destinadas ás familias e institucións sen fins de lucro son as máis cuantiosas do seu orzamento . En relación a este tipo de gastos sinalar aquí que a súa normativa reguladora conténse fundamentalmente na Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de subvencións na que destaca a reiteración entre a clásica distinción entre subvencións a otorgar polo procedemento de concorrencia competitiva, é dicir a través de convocatorias públicas e en base a criterios obxectivos que garantan a concorrencia, a igualdade e a non discriminación, e as subvencións concedidas polo procedemento de concesión directa.

O capítulo III, no que se consignan principalmente os xuros derivados das operacións de préstamo pendentes de amortizar da deputación, representa soamente o 1,9% do total de gastos aínda que reflicte un elevado incremento interanual, do 24,4% que implica un maior peso relativo na distribución dos gastos pasando do 1,5% en 2005 ó 1,9% actual.

O **total de operacións de capital** ascende a 76.195.518 euros cun escaso medre desde 2005. Como xa se dixo o capítulo de maior volume neste orzamento é o de transferencias de capital, o VII, que reflicte un incremento interanual do 25,7%, absorbendo a diminución do capítulo VI de investimentos reais, de xeito que pasa dun peso relativo na composición dos gastos do 18,8% en 2005 ó 22,8% en 2006.

Da división das transferencias desagregadas por sectores as que máis consignación presentan son as destinadas ás entidades locais, ós concellos, con 32.748.740 euros, seguidas a moita distancia polo resto: 4.173.050 euros para as familias e institucións sen fin de lucro, 750.000 euros para Consorcios das entidades locais, 295.000 euros para a Comunidade Autónoma e 60.000 euros para empresas.

Das transferencias de capital dirixidas a concellos, auméntase a consignación do Plan de Obras e servizos en 600.000 euros ata acadar o importe de 22.100.000 euros, do resto as máis significativas son: protección civil (624.286 euros), actividades culturais (1.158.545 euros), actividades deportivas (800.000 euros), anualidade 2006 de Convenios singulares (2.400.000 euros e aportación adicional ó Museo do Mar en Laxe (232.000 euros). Neste apartado no propio Informe do Interventor xeral da Deputación da Coruña, se sinala que o xeito normal de cooperación provincial ás obras e servizos municipais é a dos Plans Provinciais ós que se refire o artigo 35 da Lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 110 da Lei de administración local de Galicia, e que require o establecemento de criterios obxectivos e xerais de asignación dos recursos públicos provinciais, aspecto no que afirmase no dito Informe resulta da máxima utilidade a *Enquisa de Infraestruturas e equipamentos locais*, á que esa deputación destina e segue a destinar numerosos recursos.

Os investimentos reais, capítulo VI, que como xa se dixo diminúen case na mesma proporción na que medran as transferencias, figura cun importe de 26.788.622 euros cun decremento do 19,2%, levando a representar o 16,1% do orzamento.

Entre os investimentos en edificios figuran dotacións no mosteiro de Caaveiro. Casa do guardés, no Fogar infantil Emilio Romay, no Pazo de Mariñán, no Instituto Puga Ramón, no colexio Calvo Sotelo e nas oficinas recadatorias.

Entre os investimentos en Plans Provinciais destacan: Dotación para a anualidade do Plan de dinamización da Costa da Morte, expropiacións en estradas provinciais cunha dotación de 2.500.000 euros, proxectos de modernización da Administración local cunha dotación de 1.200.000 euros, Plan de instalacións de pequenas depuradoras de augas residuais, Programa Operativo Local (POL) no que se consignan 7.422.728 euros, Plan de travesías con 1.500.000 euros, e o Plan de vías provinciais cunha consignación de 5.000.000 euros.



O capítulo IX, de variación de pasivos financeiros incrementase en similar proporción que o total do orzamento desde 2005 e mantén o seu peso relativo na estrutura de gastos con 9.357.500 euros.

Para un maior detalle dos gastos derivados da débeda desta entidade provincial consúltese o mencionado Informe da deputación provincial da Coruña que acompaña ó seu orzamento do 2006, xa que non se expoñerán aquí estes detalles por non resultar homoxénea coa información reflectida polas outras deputacións.

O capítulo VIII, de variación de activos financeiros, diminúe nun 28,9% respecto de 2005 e baixa a súa porcentaxe no total de gastos, quedando no 1,2%.

## 1.2.2 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO

O orzamento da deputación de Lugo reflicte unha evolución singular xa que ademais de medrar espectacularmente nun 51% desde 2005, acusa máis aínda a súa peculiar estrutura de gastos. Xa que crece a proporción de destinos dos fondos para operacións de capital, cunha porcentaxe do 61,3% que xa era superior á metade en 2005 (54,2%) fronte a uns gastos para financiar operacións correntes cunha porcentaxe do 38,7%, así o agregado de gastos de capital reflicte un incremento interanual superior incluso ó do total do orzamento co 70,8% de incremento interanual.

O **total por operacións correntes** ascende a 61.462.719 euros e reflicte menor incremento que o total polo que perdeu peso relativo na distribución dos destinos. Destes gastos os de maior relevancia son os gastos destinados ó pagamento de persoal, capítulo I, que ascenden a 27.348.938 euros manifestando un incremento crecano ó IPC do 3,7% moi inferior á maioría das outras variables no que se reflicten os incrementos salariais contidos nos orzamentos xerais do estado e as modificacións introducidas no Cadro de persoal, co que a súa porcentaxe sobre o total dos gastos redúxose de representar a cuarta parte do total estimado a gastar en 2005 ata o 17,2% actual.

O capítulo II, de compra de bens correntes e servizos, experimenta para o orzamento consolidado un forte crecemento do 44% respecto de 2005, aínda que apenas gana posicións na estrutura de gastos xa que se mantén no 14,1%, cando en 2005 era do 14,8%. O importe deste capítulo no orzamento consolidado ascende a 22.467.563 euros dos que neste caso destaca a elevada consignación destes gastos na Sociedade urbanística provincial, con 8.705.644 euros.

Así os *gastos de funcionamento*, capítulos I e II, ascenden a 49.816.501 euros e representan o 31,3% do total de gastos, xusto a terceira parte do seu orzamento.

As transferencias correntes deste orzamento consolidado tamén medran acusadamente desde 2005, consignándose case o dobre que no anterior orzamento inicial, pasando de 4.654.489 euros en 2005 a 8.891.903 euros en 2006 que incrementa o peso porcentual sobre a estrutura dos gastos que pasan do 4,4% ó 5,6% actual. Precisamente este é o único capítulo no que se descuentan as operacións internas entre a deputación o INLUDES e a Sociedade urbanística provincial, e figuran no capítulo IV do orzamento da Deputación de Lugo cun importe total de 12.593.887 €

Cadro nº 9


## DEPUTACIÓN DE LUGO

### PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	26.374.958,11	25,04	3,69	27.348.938,65	17,20
II. Compra de bens Corr. e Servicios	15.602.527,25	14,81	44,00	22.467.563,26	14,13
III. Intereses	1.579.823,90	1,50	74,34	2.754.314,53	1,73
IV. Transferencias Correntes	4.654.489,51	4,42	91,04	8.891.903,44	5,59
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>48.211.798,77</b>	<b>45,78</b>	<b>27,48</b>	<b>61.462.719,88</b>	<b>38,65</b>
VI. Invetimentos Reais	50.516.374,17	47,97	72,09	86.935.570,86	54,67
VII. Transferencias de Capital	2.784.958,99	2,64	21,86	3.393.728,00	2,13
VIII. Variación Activos Financeiros	372.656,32	0,35	1,68	378.899,25	0,24
IX. Variación Pasivos Financeiros	3.430.613,32	3,26	99,73	6.851.987,26	4,31
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>57.104.602,80</b>	<b>54,22</b>	<b>70,84</b>	<b>97.560.185,37</b>	<b>61,35</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>105.316.401,57</b>	<b>100,00</b>	<b>51,00</b>	<b>159.022.905,25</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 10



o que reflicte un descenso de 2.2056.496 euros respecto da cifra homóloga en 2005, correspondendo deste total de transferencias correntes 7.246.919 euros ó INLUDES e 580.000 euros á Sociedade urbanística provincial que é a partida que máis se reduce neste orzamento.

O **total de operacións de capital** que ascende a 97.560.185 euros, presenta un incremento superior ó total do orzamento e unha proporción sobre o total superior ós gastos por operacións correntes, ten como capítulo principal o VI, de investimentos reais con 86.935.570 euros cun incremento espectacular desde 2005, xa que medra dos 50.516.374 euros cunha diferenza en termos absolutos de 36.419.196 euros o que supoñe o 72,1% porcentual, incrementando o xa elevado peso na estrutura de gastos que atopábase xa cerca da metade, pasando dunha porcentaxe do 48% en 2005 ó 54,7% en 2006, polo que se reitera unha vez máis o esforzo investidor desta coroporación provincial.

O detalle dos investimentos é o seguinte:

- ◆ 7.177.317 euros corresponden ó Plan de obras e servizos (POS) Sección xeral
- ◆ 7.103.217 euros corresponden ó Programa Operativo Local (POL)
- ◆ 120.000 euros FCL
- ◆ 10.315.734 euros Honorarios redacción proxectos e outros, e expropiacións e outras obras.
- ◆ 50.000.000 euros Plan rede viaria da provincia e proxectos singulares
- ◆ 7.100.000 euros Plan deputación conservación e mellora de camiños
- ◆ 3.546.751 euros Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos
- ◆ 12.000 Investimento de reposición asociado ó funcionamento operativo dos servizos.

O capítulo VII, de transferencias de capital , representa o 2,1% respecto do total de gastos e reflicte un incremento interanual do 21,9%, correspondéndose principalmente co Plan de Comunidades veciñais.

A maior porcentaxe de crecemento interanual reflectida neste orzamento prodúcese no capítulo IX, de variación de pasivos financeiros, co 99,7% case o dobre do ano anterior, causado polas amortizacións da nova operación de préstamo que se suscribirá para atender o importante volume de investimentos, aínda que na propia Memoria que acompaña ó orzamento desta deputación se expresa que para o cálculo da carga financeira desta nova operación optouse pola opción máis pesimista, ademais de realizarse con tipo de xuro de 4%, por encima das condicións do mercado, partiron da hipótese de que a formalización e disposición dos fondos realizábase con data a un de xaneiro, polo que é previsible que a execución do gasto sexa claramente inferior. O peso porcentual na estrutura de gastos deste capítulo medrou desde o 3,2% en 2005 ata o 4,3% do orzamento 2006., cun importe de 6.851.987 euros.

O capítulo VIII, de variación de activos financeiros, soamente representa o 0,2% do orzamento cun lixeiro incremento interanual, do 1,7%.

### 1.2.3 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

O orzamento da Deputación de Ourense é o que reflicte o maior peso relativo na súa estrutura de gastos dos derivados de **operacións correntes**, aínda que este agregado de gastos reflicte un decremento interanual do 14,5% levando a baixar a proporción destes gastos do 72,6% en 2005 ata o actual 68,8%, cun importe de 53.161.714 euros. O resto do seu orzamento, o 31,2% se estima que serán por gastos de operacións de capital.

O capítulo I, adicado a pagamentos de persoal é o de maior peso relativo na estrutura de gastos deste orzamento, reflectindo ademais un incremento do 7,7% desde o ano anterior, de xeito que a súa porcentaxe sobre o total de gastos pasou do 25,8% en 2005 ó 30,8% en 2006; entre os incrementos figura o relativo ó cálculo das pagas extraordinarias que comprenderán as retribucións básicas e unha porcentaxe do complemento de destino , o 80% en xuño e o 100% en decembro, segundo o proxecto de orzamentos do estado para o ano 2006.

O capítulo II, de compra de bens correntes e servizos, reflicte tamén un incremento interanual, algo máis moderado que o capítulo I, cun 5,3% porcentual, elevando a súa porcentaxe na estrutura de gastos , xa que en 2005 era do 24,4% e en 2006 achégase xa ó 28,5%.

Como xa se dixo no apartado de ingresos, a diminución acaecida no orzamento desta deputación débese ó feito de non imputar xa no capítulo IV de transferencias correntes o importe do gasto sanitario, polo acordo suscrito coa Consellería de Sanidade, figurando neste capítulo un descenso do 67,1% desde 2005, reducíndose amplamente tanto o seu peso porcentual na estrutura de gastos que pasou do 20,3% en 2005 ó 7,4% en 2006 como o seu importe que era de 17.351.692 euros en 2005 ata os 5.712.204 euros de 2006.

Neste capítulo é non que se descuentan as operacións internas entre a deputación e os Organismos autónomos figurando neste caso do orzamento da deputación ó orzamento do INORDE a transferencia de 2.426.481 euros e de 270.070 euros ó orzamento do Padroado de Turismo.

Cadro nº 10


## DEPUTACIÓN DE OURENSE

### PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Increm. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	22.090.332,88	25,80	7,66	23.782.818,75	30,79
II. Compra de Bens Corr. e Servicios	20.886.163,41	24,39	5,25	21.982.166,44	28,46
III. Intereses	1.816.150,00	2,12	-7,25	1.684.525,00	2,18
IV. Transferencias Correntes	17.351.692,83	20,26	-67,08	5.712.204,00	7,40
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>62.144.339,12</b>	<b>72,57</b>	<b>-14,45</b>	<b>53.161.714,19</b>	<b>68,83</b>
VI. Invetimentos Reais	16.118.015,91	18,82	19,09	19.194.858,73	24,85
VII. Transferencias de Capital	4.557.164,86	5,32	-32,83	3.061.154,03	3,96
VIII. Variación Activos Financeiros	467.885,00	0,55	-59,59	189.065,00	0,24
IX. Variación Pasivos Financeiros	2.345.657,90	2,74	-30,60	1.627.884,81	2,11
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>23.488.723,67</b>	<b>27,43</b>	<b>2,49</b>	<b>24.072.962,57</b>	<b>31,17</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>85.633.062,79</b>	<b>100,00</b>	<b>-9,81</b>	<b>77.234.676,76</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 11



O capítulo III, de pagamento dos xuros da débeda viva da deputación presenta o mesmo peso relativo sobre o total de gastos que en 2005 cun 2,2% aínda que experimenta un decremento interanual do 7,3%, feito que pode resultar paradoxico pola concertación dun novo préstamo.

O **total de operacións de capital** que ascende a 24.072.962 euros experimenta un incremento interanual moderado, concretamente do 2,5% elevando o seu peso relativo na estrutura de gastos que pasou do 27,4% en 2005 ó 31,2% en 2006.

O capítulo de maior relevancia neste agregado é o de investimentos reais, o VI, que ascende a 19.194.858 euros que evoluciona favorablemente desde 2005 cun incremento porcentual do 19,1% cobrando máis peso relativo sobre o total de gastos xa que pasou do 18,8% en 2005 ó 24,9% en 2006.

Este capítulo presenta a seguinte desagregación:

Plan de cooperación de Obras e servizos. Plan provincial. 5.514.241 euros, Urbanización sector 4 Pereiro de Aguiar. Cooperación provincial: 194.932 euros, Programa Operativo Local (POL): 6.626.234 euros, Plan de Infraestrutura deportiva-Xunta de Galicia: 3.000.000 euros, Investimentos reposición en infraestruturas e bens de uso xeral: 557.349 euros, Investimento novo asociado ó funcionamento operativo dos servizos:2.532.732 euros, Investimento de reposición asociado ó funcionamento operativo dos servizos: 690.000 euros, e outros. Dotación biblioteca: 20.000 euros.

As transferencias de capital, capítulo VII, diminúen nun 32,8% desde 2005, pasando a representar o 4% do total a gastar sendo esta porcentaxe máis alta en 2005, do 5,3%. Segundo os destinatarios das mesmas se clasifican do seguinte xeito: 51.569 euros ó INORDE para un proxecto de INTERREG, ó Estado, correspondelle 200.000 euros, á proxectos coa Comunidade autónoma de Galicia asígnaselle 201.044 euros, entre os que están os proxectos PRISMA, MILIARIA e o edificio de Multiusos Xinzo, ás entidades locais se lles imputan unhas transferencias de 1.098.540 euros e finalmente 850.000 euros ás familias e institucións sen fins de lucro.

Os *Investimentos*, suma dos capítulos VI e VII estímase cun importe de 22.256.012 euros o que representa o 28,8% do seu orzamento de gastos, que reflicte unha evolución positiva desde 2005, aínda a perda no capítulo de transferencias.



O capítulo IX, no que se consignan as amortizacións pendentes dos préstamos concertados para o financiamento dos investimentos, diminúe nun 30,6% ó comparalo con 2005 e representa o 2,1%, tendo en conta aquí os períodos de carencia estipulados para as operacións de crédito previstas e de refinanciamento de parte da débeda anterior.

O capítulo VIII, de variación de activos financeiros diminúe nun 59,6% , aínda que soamente representa o 9,2% do orzamento e inclúe, ademais dos anticipos do persoal da deputación, a participación no capital de Sogarpo para o fomento da industria.

#### 1.2.4 ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

O orzamento que se analiza é o consolidado, no que se descontaron as operacións internas entre a propia deputación de Pontevedra e os seus sete Organismos autónomos. Os que presentan o maior orzamento de gastos son o de ORAL de xestión de recursos das entidades locais ( con 5.400.000 euros), o Museo Provincial (2.792.631 euros) e o Padroado de Turismo (2.773.012 euros) sendo o orzamento da deputación de 140.420.000 euros. A estrutura de gastos é do 53,7% de gastos adicados a operacións correntes e o 46,3% restante adicado a operacións de capital, proporción que variou respecto de 2005 xa que debido ó incremento dos correntes e a diminución dos de capital cambiou significativamente a composición dos gastos xa que en 2005 era maior o peso dos gastos de capital, co 51,4%.

O agregado de **gastos por operacións correntes** ascende a 78.239.565 euros experimentando un crecemento interanual do 13,8%, reflectindo crecementos todos os capítulos deste agregado. O capítulo I, de gastos de persoal é o de maior volume representando o 24,1% do total a gastar, porcentaxe soamente superada pola que presenta o capítulo de investimentos reais que segue a presentar o maior peso porcentual entre os capítulos de gastos.

O capítulo I experimenta un crecemento superior ó do total do orzamento, que eleva o seu peso relativo, cun importe de 35.060.399 euros dos que 3.368.770 euros corresponden ó pagamento do persoal do ORAL e 1.186.100 euros corresponden ó capítulo I do orzamento do Museo Provincial, sendo 29.371.215 euros os consignados no orzamento da deputación provincial. As dotacións do capítulo I crecen fundamentalmente debido ó incremento do 2% máis o incremento correspondente ás pagas extras previsto nos Orzamentos xerais do Estado de carácter xeral para todo o persoal., tamén debido ó incremento retributivo derivado tanto do Plan de emprego para todo o persoal da deputación, como ó Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario e ó Convenio colectivo do persoal laboral, e tamén foi froito do Plan de emprego conxunto con concellos.

Cadro nº 11


## DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

### PRESUPOSTO DE GASTOS

(Euros)

CAPITULOS	2005		Incrém. % Interanual	2006	
	IMPORTE	%		IMPORTE	%
I. Gastos de Persoal	33.255.589,00	23,49	5,43	35.060.399,00	24,05
II. Compras de Bens Corr. e Servicios	18.752.009,00	13,25	9,13	20.464.747,00	14,04
III. Intereses	1.504.765,00	1,06	16,54	1.753.595,00	1,20
IV. Transferencias Correntes	15.266.001,00	10,79	37,30	20.960.824,00	14,38
<b>Total Operacións Correntes</b>	<b>68.778.364,00</b>	<b>48,59</b>	<b>13,76</b>	<b>78.239.565,00</b>	<b>53,66</b>
VI. Investimentos Reais	38.748.898,00	27,38	-4,57	36.978.735,00	25,36
VII. Transferencias de Capital	31.970.754,00	22,59	-11,19	28.394.145,00	19,48
VIII. Variación Activos Financeiros	2.029.360,00	1,43	6,62	2.163.700,00	1,48
IX. Variación Pasivos Financeiros	18.050,00	0,01	0,00	18.050,00	0,01
<b>Total Operacións de Capital</b>	<b>72.767.062,00</b>	<b>51,41</b>	<b>-7,16</b>	<b>67.554.630,00</b>	<b>46,34</b>
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>141.545.426,00</b>	<b>100,00</b>	<b>3,00</b>	<b>145.794.195,00</b>	<b>100,00</b>

Gráfico nº 12



O capítulo II, de compra de bens correntes e servizos ascende a 20.464.747 euros dos que 15.224.603 euros corresponden á deputación, 1.968.410 euros e 1.659.230 euros corresponden ós orzamentos dos organismos autónomos Padroado de Turismo e ORAL, respectivamente. Este capítulo medra nun 9,1% respecto a 2005 o que fai ascender a súa proporción na composición dos gastos do 13,2% en 2005 ó 14% actual.

Os *gastos de funcionamento*, os dous primeiros capítulos ascenden a 55.525.146 euros que representan o 38,1% do total de gastos do orzamento consolidado.

O capítulo IV, de transferencias correntes experimenta un notable crecemento desde 2005 xa que pasou dos 15.266.001 euros en 2005 ós 20.960.824 euros en 2006, o que representa o 37,3%, ascendendo a súa proporción sobre o total de gastos do 10,8% en 2005 ó 14,4% en 2006.

Neste capítulo a deputación provincial presenta un total de 7.433.441 euros de transferencias ós seus organismos autónomos descontados como operacións internas no cálculo da consolidación, repartidas do seguinte xeito: 2.668.012 euros para o Padroado de Turismo, 2.065.281 euros para o Museo Provincial, 1.312.000 euros para ORAL, 641.761 euros para a Escola de canteiros, 509.002 euros para o IPESPO, 336.000 euros para a Escola de enfermería e 37.240 para a Caixa de anticipos.

O capítulo III, de xuros da débeda viva, tamén medra nun 16,5% respecto de 2005 como consecuencia do incremento do endebedamento, aínda que o seu peso porcentual é baixo cunha porcentaxe do 1,2% na composición do gasto.

O agregado de ***gastos por operacións de capital*** ascende a 67.554.630 euros cunha diminución do 7.2% porcentual desde 2005 o que fai perder peso relativo a este agregado do 51,4% en 2005 ó 46,3% en 2006. O descenso deste agregado prodúcese polas diminucións nos capítulos VI e VII, os de maior relevancia neste agregado. Así o capítulo de investimentos reais, o VI descende nun 4,6% respecto de 2005 o que lle fai perder dous puntos porcentuais na estrutura de gastos do 27,4% ó 25,4% en 2006, sendo 36.978.735 euros. É preciso suliñar que aínda este descenso no orzamento inicial de gastos este capítulo de investimentos directos da deputación segue a ser o de maior peso relativo na súa estrutura de gastos.

As principais categorías de investimentos son as seguintes:

- ◆ Plan de estradas provinciais 14.000.000 euros
- ◆ Programa Operativo Local (POL) : 2.878.897 euros
- ◆ Plan provincial de cooperación- vías provinciais: 1.562.000 euros.
- ◆ Construcción Museo : 2.0152.986 euros
- ◆ Invetimentos xestionados para concellos. Instalacións deportivas : 1.803.000 euros
- ◆ Invetimentos xestionados para concellos. Obras : 2.408.448 euros.
- ◆ Invetimentos xestionados para concellos. Campos de fútbol de herba artificial : 4.600.000 euros.
- ◆ Invetimentos xestionados para CC.AA. Convenio Xunta- Deputación para estradas) : 1.291.417 euros

O capítulo VII, de transferencias de capital presenta un importante descenso interanual, do 11,2% xa que pasou dos 31.970.754 euros en 2005 ós 28.394.145 euros en 2006, o que lle fixo perder case tres puntos porcentuais no peso realtivo na composición dos gastos ata quedar co 19,5% en 2006.

Neste capítulo, 2.342.998 euros son de operacións internas, esto é de transferencias que a deputación consigna para o financiamento de gastos de capital dos seus Organismos autónomos, atopándose moi repartidos entre os sete.

Aparte destas transferencias para os OO.AA, as subvencións consignadas son de 23.973.641 euros para as entidades locais, 1.202.000 euros para a Comunidade autónoma de Galicia (concretamente para o proxecto de saneamento integral da ría de Pontevedra, 2002/2006), 640.304 euros para as empresas privadas e 2.548.200 euros para familias e institucións sen fin de lucro.

O descenso producido neste capítulo é consecuencia da finalización de proxectos cofinanciados por fondos europeos, ó descenso das achegas para as obras do Museo e duns menores ingresos para o financiamento do POL.

Os *investimentos*, os capítulos VI e VII xuntos, é dicir os créditos destinados ós investimentos tanto directos como a través das subvencións, son claramente superiores ós gastos de funcionamento (I e II), acadando a cifra de 65.372.880 euros o que representa o 44,8% do total do orzamento de gastos.

O capítulo IX, de variación de pasivos financeiros, non varía desde 2005 e segue presentando unha cifra moi baixa, aínda da nova operación de crédito consignada no orzamento de ingresos debido a ser o primeriro ano de carencia.

O capítulo VIII, de variación de activos financeiros presenta un crecemento do 6,6% desde 2005 cun escaso peso relativo na estrutura de gastos de soamente o 1,5%. Neste capítulo cobra unha significación especial a existencia do Organismo autónomo Caixa de anticipos que presenta un capítulo VIII de gastos de 1.862.300 euros en dotacións de concesión de préstamos a medio e longo prazo, anticipos reintegrables ós concellos, sendo a consignación da propia deputación de 240.400 euros.

As principais categorías de gastos analizadas neste Informe tendo en conta a variable poboacional, preséntanse sinteticamente de seguido.

Como xa se dixo para os ingresos, os resultados ofecidos no orzamento da Deputación de Lugo que como xa se viu é o que presenta o maior crecemento en termos absolutos, ó dividir os seus importes pola poboación da provincia, reflecte unha gran superioridade numérica nas catro variables aquí analizadas, tanto en gastos de persoal, como no agregado por operacións correntes, en investimentos e nos gastos financeiros.

Nos dous primeiros conceptos os resultados do orzamento da deputación de Ourense son cercanos ós de Lugo, pero en Investimentos e en Gastos financeiros os resultados en Lugo superan amplamente ás outras deputacións, sendo soamente os datos de Lugo os que se sitúan por encima da media de Galicia.

Lémbrese que a composición dos gastos para a media de Galicia está reflectida nas porcentaxes seguintes: o 21,6% é a parte correspondente a pagamento de gastos de persoal, o 51,7% son gastos por operacións correntes, os investimentos (capítulos VI e VII) presentan un importante peso porcentual, cunha porcentaxe do 44,2% e os gastos financeiros representan o 4,1% do orzamento suma dos das catro deputacións.

Nesta perspectiva en Lugo adícanse no orzamento provincial consolidado 76,8 euros por cada habitante para o pagamento do persoal da administración provincial sendo o total por operacións correntes de 172,5 euros por habitante. Nos gastos de capital en Lugo adícanse 253,6 euros por habitante para os investimentos e 20,3% para os gastos dos capítulos VIII e IX.

No orzamento da deputación da Coruña os resultados en termos per cápita son máis baixos, inferiores á media de Galicia agás o resultado de gastos financeiros, cuns resultados de 80,4 euros por habitante adicados ó total de operacións correntes dos que 28,8 euros por habitante corresponden ó capítulo I; entre os gastos de capital adícanse 57,5 euros por habitante a Investimentos e 10,1 euros por habitante ós gastos de variación de activos e pasivos fianceiros.

Cadro nº 12


## VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS

### GASTOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Gastos Totais (GT)	148,0	446,4	228,2	154,8	198,6
Gastos de Persoal (GP)	28,8	76,8	70,3	37,2	42,9
% GP / GT	19,5	17,2	30,8	24,0	21,6
Operacións Correntes (OC)	80,4	172,5	157,0	83,1	102,6
% OC / GT	54,3	38,7	68,8	53,7	51,7
Investimentos ( I )	57,5	253,6	65,7	69,4	87,8
% I / GT	38,8	56,8	28,8	44,8	44,2
Gastos Financeiros ( GF )	10,1	20,3	5,4	2,3	8,2
% GF / GT	6,8	4,5	2,4	1,5	4,1

Gráfico nº 13





En Ourense, con resultados en termos per cápita máis cercanos ós de Lugo os resultados son: 157 euros por habitante adicados a operacións correntes dos que 70,3 euros por habitante son para o pagamento do persoal ó servizo da administración provincial. O gasto adicado a Investimentos é de 65,7 euros por habitante e soamente resulta que 5,4 euros por habitante son os consignados nos capítulos VIII e IX de gastos.

Os resultados ofrecidos polo orzamento da Deputación de Pontevedra son inferiores en todas as variables ós da media de Galicia, con 83,1 euros por habitante en operacións correntes, dos que 37,2 euros corresponden ó capítulo I de gastos; entre os de capital son 69,4 euros por habitante para os Investimentos provinciais e soamente 2,3 euros por habitante para os capítulos VIII e IX.

***ANEXO:***

***A ORIXE E A APLICACIÓN DOS FONDOS***

***VARIABLES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL***

## A ORIXE E A APLICACIÓN DOS FONDOS

CONCEPTOS	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
-----------	----------	------	---------	------------	---------

### ORIXE DOS FONDOS

Ingresos tributarios	30.470.114,00 18,26	17.435.016,72 10,96	2.562.930,00 3,32	25.522.601,00 17,51	75.990.661,72 13,84
Ingresos patrimoniais	4.407.245,00 2,64	1.076.040,00 0,68	423.930,00 0,55	1.711.950,00 1,17	7.619.165,00 1,39
Transferencias correntes	109.883.265,00 65,86	66.447.988,37 41,79	58.702.080,49 76,00	86.097.628,00 59,05	321.130.961,86 58,50
Transferencias de capital	10.538.796,00 6,32	11.071.180,91 6,96	11.893.933,24 15,40	14.276.675,00 9,79	47.780.585,15 8,70
Crédito	9.500.000,00 5,69	62.522.770,00 39,32	3.500.000,00 4,53	16.680.000,00 11,44	92.202.770,00 16,80
Outros ( VI e VIII )	2.050.000,00 1,23	469.909,25 0,30	151.803,03 0,20	1.505.341,00 1,03	4.177.053,28 0,76


### APLICACIÓN DOS FONDOS

Circulante ( I, II e	87.571.969,00 52,49	58.708.405,35 36,92	51.477.189,19 66,65	76.485.970,00 52,46	274.243.533,54 49,96
Carga	12.439.433,00 7,46	9.606.301,79 6,04	3.312.409,81 4,29	1.771.645,00 1,22	27.129.789,60 4,94
Investimento	64.815.412,00 38,85	90.329.298,86 56,80	22.256.012,76 28,82	65.372.880,00 44,84	242.773.603,62 44,23
Outros ( VIII	2.022.606,00 1,21	378.899,25 0,24	189.065,00 0,24	2.163.700,00 1,48	4.754.270,25 0,87


Gráfico nº 14

Total

### ORIXE DOS FONDOS



### APLICACIÓN DOS FONDOS



Cadro nº 14

## MAGNITUDES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

Euros

A Coruña Lugo Ourense Pontevedra Galicia

INGRESOS CORRENTES	144.760.624,00	84.959.045,09	61.688.940,49	113.332.179,00	404.740.788,58
GASTOS CORRENTES	90.653.902,00	61.462.719,88	53.161.714,19	78.239.565,00	283.517.901,07
<b>AFORRO BRUTO</b>	<b>54.106.722,00</b>	<b>23.496.325,21</b>	<b>8.527.226,30</b>	<b>35.092.614,00</b>	<b>121.222.887,51</b>
Amortizacións	9.357.500,00	6.851.987,26	1.627.884,81	18.050,00	17.855.422,07
<b>AFORRO NETO</b>	<b>44.749.222,00</b>	<b>16.644.337,95</b>	<b>6.899.341,49</b>	<b>35.074.564,00</b>	<b>103.367.465,44</b>
INGRESOS DE CAPITAL(Cap VI+VII)	12.038.796,00	11.162.180,91	11.895.736,27	14.278.927,00	49.375.640,18
<b>INVESTIMENTOS</b>	<b>64.815.412,00</b>	<b>90.329.298,86</b>	<b>22.256.012,76</b>	<b>65.372.880,00</b>	<b>242.773.603,62</b>
FBCF (Cap VI)	26.788.622,00	86.935.570,86	19.194.858,73	36.978.735,00	169.897.786,59
Transf. De capital	38.026.790,00	3.393.728,00	3.061.154,03	28.394.145,00	72.875.817,03
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO</b>	<b>-8.027.394,00</b>	<b>-62.522.780,00</b>	<b>-3.460.935,00</b>	<b>-16.019.389,00</b>	<b>-90.030.498,00</b>